

Concello de A Cañiza

-RESOLUCION DA ALCALDÍA-

Vista a memoria xustificativa incorporada ao expediente de contratación nº 1635/2024 con data 09.10.2024, do contrato de servizo de instalación en réxime de aluguer de elementos de decoración luminosa durante as festas de nadal no Concello de A Cañiza, a adxudicar por procedemento aberto, cun prezo de execución do contrato de 139.392 euros

Visto o Prego de Prescricións técnicas incorporado ao expediente con data 10.10.2024, asinado por Javier Carballo Núñez, Enxeñeiro, onde se describen e especifican tódalas cuestións técnicas a ter en conta na licitación e execución do contrato.

Visto que con data 09.10.2024 se incorpora ao expediente, o prego de cláusulas administrativas particulares que como lei fundamental do contrato rexerá na contratación.

Vistos os informes incorporados ao expediente o 10.10.2024 da Secretaria municipal, así como informe de fiscalización emitido pola intervención municipal na mesma data e o RC de 09.10.2024.

Considerando todo o anterior e as competencias atribuídas pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 RESOLVO:

Primeiro: Declarar válida a presente licitación.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación nº 1635/2024 do contrato de servizo DE INSTALACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DE DECORACIÓN LUMINOSA DURANTE AS FESTAS DE NADAL NO CONCELLO DE A CAÑIZA, incluído o PPT e o P.C.A.P. que como lei fundamental rexerá nesta contratación, decretando a tramitación ordinaria do expediente e a adxudicación polo procedemento aberto, tal e como consta na documentación preparatoria.

Terceiro: Aprobar e autorizar un gasto por importe de 46.464 euros/anuais con cargo á aplicación orzamentaria 2024.9200.22699

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros (2024, 2025 e 2026) se subordinará á existencia de crédito axeitado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

Cuarto: Publicar anuncio de licitación en cumprimento do sinalado no artigo 156 da LCSP, para a presentación das proposicións por tódolos interesados, nun prazo de 15 días dende a publicación.

Quinto: Nomear os seguintes membros da Mesa de contratación

Presidente: Sr. Alcalde ou concelleir/ao en quen delegue. Luis Antonio Gómez Piña

Vogais:

O/a Secretario/a do Concello. Inés Montero Ares

O/a Interventor/a do Concello. Jesús Cuadrado Olivares

Secretario/a da Mesa: a administrativa M^a Angeles Rodríguez Varela

Respecto á Mesa de contratación, cumprírase o establecido no Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo.

Documento asinado electrónicamente por LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA, Alcalde do Concello de A Cañiza, dando fe do mesmo, INÉS MONTERO ARES, Secretaria Xeral do Concello.

